

• **PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES.**

A continuación, exporemos a situación e tratamento dos alumnos con Lingua castelá pendente do curso anterior. En cada caso, márcanse os **contidos**, os **mínimos esixidos para aprobar a materia** e a **avaliación**<sup>1</sup>.

**\*ESO**

**-ALUMNOS DE 2º ESO COA LINGUA ESPAÑOLA PENDENTE DE 1º.**

**A/CONTIDOS:**

- 1- Comunicación. Elementos da comunicación. Tipoloxías textuais: narración, descrición e diálogo.
- 2- Estudo da lingua.
  - 2.1. Fonética e ortografía.  
Correspondencia entre sonidos e grafías. A acentuación. Nocións básicas de pronunciación e entonación. Uso do punto, a coma e os dous puntos.
  - 2.2. Gramática.  
Clases de palabras: o substantivo, o adxectivo, o pronome, o artigo, o verbo, o adverbio, a preposición e a conxunción.
  - 2.3.Semántica: sinonimia, antonimia, polisemia, campo semántico.
- 3- Técnicas de traballo  
Análise (lectura reflexiva e anotacións).  
Síntese (esquemas, diagramas, técnicas de resumo)

---

<sup>1</sup> As esixencias respecto á avaliación de 2º e 3º ESO aparecen sinaladas de xeito conxunto.

## **B/MÍNIMOS ESIXIDOS PARA APROBAR A MATERIA.**

- Captar o sentido e as ideas fundamentais de textos orais e escritos.
- Realizar resumos, esquemas e redaccións con coherencia e corrección.
- Usar de forma correcta as regras básicas de ortografía, acentuación e puntuación.
- Identificar as principais relacións de significado entre os elementos léxicos.
- Identificar as diferentes clases de palabras e analizalas.

## **-ALUMNOS DE 3º ESO COA LINGUA ESPAÑOLA PENDENTE DE 2º.**

### **A/CONTIDOS:**

- 1.- Unidades, relación e función. A oración simple.
- 2.- A métrica. Os xéneros literarios.A narrativa e o teatro.
- 3.-Tipoloxía textual: os diferentes tipos de textos (informes, instrucións, argumentación...)
4. Ortografía e redacción.
- 5.- Léxico: sinonimia, polisemia e homonimia. Sentido figurado, frases feitas, locuciones. Campo semántico e familias de palabras.

## **B/MÍNIMOS ESIXIDOS PARA APROBAR A MATERIA.**

- Captar o sentido e as ideas fundamentais de textos orais e escritos.
- Realizar resumos, esquemas e redaccións con coherencia e corrección.
- Usar de forma correcta as regras básicas de ortografía, acentuación e puntuación.
- Identificar as principais relacións de significado entre os elementos léxicos.
- Identificar as diferentes clases de palabras e analizalas.
- Coñecer os contidos gramaticais referidos á oración simple e os seus compoñentes e as relación entre eles.

- Coñecer os principios básicos da métrica.
- Utilizar e manexar o vocabulario específico da materia na situación e contexto adecuados.

### **C/AVALIACIÓN DE PENDENTES DE 2º E 3º ESO.**

Os alumnos coa materia pendente de 2º, 3º de ESO deberán realizar dous exames, aproximadamente un no mes de febreiro e outro no mes de maio, que conterán cuestións teóricas e prácticas . Ademáis, de xeito periódico previamente establecido e posto en coñecemento de ditos alumnos, serálles entregados polo profesor que ese ano imparta a materia, **exercicios de control** que deberán ser entregados nunha data concreta e que serán corrixidos e avaliados polo profesor e mailo departamento. A non entrega e/ou a impuntualidade na entrega destes exercicios avaliarase negativamente e poderá incidir na recuperación ou non recuperación da materia.

### **-ALUMNOS DE 4º COA LINGUA ESPAÑOLA PENDENTE DE 3º.**

#### **A/CONTIDOS:**

- 1.-A formación de palabras. Derivación e composición.
- 2.-Categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, adxectivos determinativos e pronomes, verbo, adverbio e elementos de relación.
- 3.- Relacións e funcións sintácticas.
- 4.-A oración simple e as súas clases.
- 5.-As formas do discurso: narración, descrición e textos dialogados.
- 6.-Xéneros literarios e principais recursos literarios.
- 7.-Literatura medieval: *mester de juglaría* y *mester de clerecía*.
- 8.-*El Renacimiento*.
- 9.-O século XVII: poesía, prosa, teatro.

#### **B/MÍNIMOS ESIXIDOS PARA APROBAR A MATERIA.**

- Coñecer os procedementos de formación de palabras.

- Diferenciar na práctica entre categoría e función sintáctica.
- Realizar correctamente análises morfolóxicas e sintácticas (polo menos de oracións simples, sabendo clasificalas).
- Recoñecer se un texto é narrativo ou descritivo, argumentando a resposta, sabendo extraer o tema principal e discriminando entre ideas principais e secundarias.
- Coñecer as correntes da literatura española até o século XVIII, obras e escritores máis relevantes, e comentar os textos en verso e prosa propostos polo profesor.

### **C/AVALIACIÓN DE PENDENTES EN 4º ESO.**

Os alumnos coa lingua castelá pendente de 3º deberán realizar dous exames durante os meses de febreiro e maio, o primeiro corresponderá aos contidos de lingua e o segundo aos contidos de literatura. Si se suspendese o primeiro exame, o segundo englobaría toda a materia. Asimesmo, como sucedía nos pendentes de cursos anteriores, de xeito periódico previamente establecido e posto en coñecemento de ditos alumnos, serálles entregados polo profesor que ese ano imparta a materia, **exercicios de control** que deberán ser entregados nunha data concreta e que serán corrixidos e avaliados polo profesor e mailo departamento. A non entrega e/ou a impuntualidade na entrega destes exercicios avaliarase negativamente.

### **\*BACHARELATO**

**-ALUMNOS DE 2º BACH. COA LINGUA ESPAÑOLA PENDENTE DE 1º BACH.**

**A/CONTIDOS:**

**A comunicación**

1. A comunicación. Elementos. Intención comunicativa. Funcións da linguaxe.

2. As variedades da lingua: espaciais, sociais e de estilo.
3. O texto. Coherencia e cohesión.
  - Tipoloxía textual escrita: descrición, narración, exposición, argumentación.

### **O estudo da lingua:**

4. A lingua e os seus niveis de estudo.
5. A Gramática:
  - 5.1 A morfoloxía flexiva e léxica.
  - 5.2 O léxico:
    - Compoñentes básicos do léxico da lingua española.
    - Estrutura do léxico español.

### **A literatura:**

- Características da lingua literaria. Os xéneros literarios.
- Idade Media. Marco histórico e cultural.
- Lírica tradicional e lírica culta. Estudo de Jorge Manrique e *Las coplas a la muerte de su padre*.
- A épica medieval: *El Poema de Mío Cid*.
- Análise de *La Celestina*.
- Séculos XVI e XVII. Renacemento e Barroco. Marco histórico e cultural.
- Modelos narrativos.
- Tipoloxía da novela.
- A novela picaresca.
- Miguel de Cervantes e a novela moderna.
- Lírica: temas, estruturas. Lectura e análise de poemas representativos.
- O teatro: Lope de Vega. Calderón de la Barca.

## **B/MÍNIMOS ESIXIDOS PARA APROBAR A MATERIA.**

1. Sintetizar oralmente e por escrito textos orais e escritos, sinalando as ideas principais e as secundarias e a intención comunicativa, recoñecendo posíbeis incoherencias ou ambigüidades e aportando unha opinión persoal.
2. Crear textos escritos de diferente tipo (narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos) axeitados á situación de comunicación, utilizando mecanismos que lles dean coherencia e cohesión e atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
3. Recoñecer as diferentes unidades da lingua, as súas combinacións e a relación entre elas e os seus significados.
4. Discernir os compoñentes básicos e a estrutura do léxico español.
5. Analizar e comentar obras completas das diferentes épocas e dos autores máis destacados de cada unha delas.
6. Identificar o xénero ao que pertence un texto literario e recoñecer os seus elementos estruturais básicos e os seus recursos lingüísticos.
7. Valorar e coñecer a evolución histórica das formas literarias da Idade Media e dos séculos XVI e XVII, atendendo ao marco histórico e cultural e á súa relación cos autores e obras máis destacadas.

## **C/AVALIACIÓN DE PENDENTES EN 2º BAC.**

Os alumnos deberán realizar dous exames durante os meses de febreiro e maio, o primeiro corresponderá aos contidos de lingua e o segundo aos contidos de literatura. Si se suspende o primeiro exame, o segundo englobaría toda a materia.